



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Persoal

*Anuncio publicación bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de mobilidade, dunha praza de inspector da policía local (subgrupo A2), C.E. 22/23*

##### ANUNCIO

Por Resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación de Xunta de Goberno Local, de data 31 de marzo de 2026, resolveuse autorizar a convocatoria e é aprobación das seguintes bases específicas:

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA DE MOBILIDADE, DE 1 PRAZA DE INSPECTOR/A DA POLICÍA LOCAL (SUBGRUPO A2), DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE POLICÍA LOCAL (C.E. 22/23)**

##### 1. OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de mobilidade, de 1 praza de inspector/a da policía local (subgrupo A2) da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local (C.E. 22/23), incluída na OEP do ano 2023, segundo se detalla:

- OEP do ano 2023 (BOP núm. 72 do 17/04/2023) 1 praza de mobilidade.

##### 2. SISTEMA DE PROVISIÓN

Establécese para a súa provisión o sistema de concurso de méritos mediante o procedemento de mobilidade para permitir o acceso dende outros corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia.

A provisión por mobilidade de postos correspondentes ás distintas categorías dos corpos de Policía local de Galicia levarase a cabo mediante o procedemento de concurso, de acordo co baremo establecido polo centro directivo competente en materia de coordinación de policía locais. Nestes supostos, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto polo sistema de mobilidade debe permanecer nel un mínimo de tres anos para poder participar nos concursos regulados neste artigo.

##### 3. REQUISITOS

Para tomar parte no proceso de mobilidade, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Atoparse na situación administrativa de servizo activo na categoría da praza ofertada.
- Ter unha antigüidade mínima de tres anos na mesma categoría.
- Levar mais de tres anos de tempo efectivo e continuado no actual destino.
- Non atoparse en situación administrativa de segunda actividade, salvo nos casos de segunda actividade por embarazo ou lactación.
- Estar en posesión da titulación académica esixida para a categoría ou estar en condicións de obtela.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu novo nomeamento como persoal funcionario.

##### 4. SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/guia-de-procedimientos-y-servicios/detalle-de-procedimientos/participacion-en-pruebas-selectivas/contenido/1453753399919?argIdioma=es>) mediante o procedemento específico "Participación en probas selectivas". Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

#### 4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas dispoñible no seguinte enlace [https://sede.coruna.gal/descarga/1453753402297/mod095\\_Solicitud\\_pruebas\\_selectivas.pdf](https://sede.coruna.gal/descarga/1453753402297/mod095_Solicitud_pruebas_selectivas.pdf) ou nas oficinas de asistencia en materia de rexistro.

En aplicación do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da seguinte documentación:

- DNI/NIE
- Titulación académica ou profesional esixida na base 3.
- Certificado acreditativo de ostentar, en propiedade, a categoría de inspector/a de policía nos corpos da Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais requisitos especificados na base 3.
- Documentación acreditativa dos méritos da fase do concurso conforme á base 6.

Non será necesario presentar esta documentación cando xa figure nos expedientes do servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña.

#### 4.2 Pago de dereitos do proceso

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de 19,89 € de acordo coa Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora da taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos.

O ingreso do importe da taxa poderá realizarse mediante autoliquidación da taxa na Oficina Virtual do Contribuínte (OVC) e posterior pago da autoliquidación en Autoliquidacións ([coruna.gal](http://coruna.gal)), en calquera banco, caixa de aforros ou cooperativa de crédito das que actúan como entidades colaboradoras na recadación tributaria, así como na oficina de recadación municipal situada na Rúa Franja, 20-22.

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa determinará a exclusión da do proceso selectivo da persoa aspirante.

En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de participación suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude específica de participación no proceso selectivo.

### 5. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E SEGUIMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Esta convocatoria e as súas bases publicaranse no BOP, publicarase un anuncio das mesmas no DOG e no BOE.

### 6. PROCESO DE PROVISIÓN

Consistirá nun concurso de méritos de conformidade co disposto no anexo III da Orde do 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.

#### 6.1 Fase De Concurso

O procedemento de concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas, se é o caso, polos/as aspirantes, de acordo co baremo de méritos que se determina a continuación.

Baremo de méritos:

a) Titulacións académicas:

Tendo en conta o previsto no artigo 76 e na disposición transitoria terceira do Estatuto básico do empregado público, as titulacións a baremar serán as seguintes:

- Título universitario de posgrao, doutor ou equivalente: 3,00 puntos.
- Título universitario de grao, licenciado, arquitecto, enxeñeiro ou equivalente: 2,00 puntos.
- Técnico superior, diplomado universitario, enxeñeiro técnico, arquitecto técnico, diplomado superior en criminoloxía, ciencias policiais ou equivalente: 1,50 puntos.
- Bacharel, técnico ou equivalente: 0,50 puntos.

Non se valorará a titulación requirida para o acceso á categoría á que se aspira, salvo que se posúa máis dunha.

Tampouco se terán en conta, para os efectos de valoración, as titulacións necesarias ou as que se empregasen como vía de acceso para a obtención dunha titulación superior xa valorada.

A efectos de equivalencia de titulación só se admitirán as recoñecidas polo ministerio competente na materia como títulos académicos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, debendo achegarse a correspondente declaración oficial de equivalencia, ou disposición na que se estableza a mesma e, no seu caso, o BOE en que se publica.

Só se valorarán os títulos antes citados, non os cursos realizados para a súa obtención.

#### b) Antigüidade:

Para os efectos de valoración da antigüidade só serán tidos en conta os servizos prestados como funcionario de carreira.

- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados nos corpos de policía local: 0,20 puntos.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos e forzas de seguridade: 0,10 puntos.
- Por cada ano de servizos ou fracción superior a seis meses prestados noutros corpos das administracións públicas: 0,05 puntos.

#### c) Formación e docencia:

##### c.1) Formación profesional continua:

- Os cursos de formación profesional ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:
  - Cada hora presencial en actividades con exame de aproveitamento: 0,025 puntos.
  - Cada hora a distancia en actividades con exame de aproveitamento: 0,020 puntos.
  - Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
  - Cada hora en actividades formativas de asistencia en formación en liña: 0,010 puntos.
- Os cursos de manifesto interese policial homologados pola Academia Galega de Seguridade Pública, superados nas universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, serán valorados de acordo ao seguinte baremo:
  - Ata 20 horas lectivas: só asistencia 0,20 puntos; aproveitamento 0,30 puntos.
  - Entre 21 e 40 horas lectivas: só asistencia 0,35 puntos; aproveitamento 0,50 puntos.
  - Entre 41 e 70 horas lectivas: só asistencia 0,45 puntos; aproveitamento 0,65 puntos.
  - Entre 71 e 100 horas lectivas: só asistencia 0,50 puntos; aproveitamento 0,75 puntos.
  - Entre 101 e 200 horas lectivas: só asistencia 0,75 puntos; aproveitamento 1,00 puntos.
  - Máis de 200 horas lectivas: só asistencia 1,00 punto; aproveitamento 1,30 puntos.

Non se terán en conta, para os efectos de valoración, os cursos obrigatorios que formen parte do proceso de selección para o acceso a calquera categoría ou emprego dos corpos e forzas de seguridade; os cursos repetidos, salvo que transcorrese un período superior a cinco anos desde a finalización do primeiro curso, e os cursos necesarios para a obtención das titulacións do apartado a) destas bases, nin a superación de materias dos mesmos.

##### c.2) Docencia:

- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas desenvolvidas directamente pola Academia Galega de Seguridade Pública, ou mediante convenios ou protocolos de colaboración con concellos, deputacións e outras entidades públicas, dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo dos corpos e forzas de seguridade, valoraranse por hora impartida a razón de:
  - Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,020 puntos.
  - Cada hora en actividades de formación en liña: 0,015 puntos.
- A participación como profesor en cursos ou outras actividades formativas de manifesto interese policial dirixidos en particular aos corpos de policía local, ou tamén ao colectivo das forzas e corpos de seguridade, desenvoltos nas

universidades, administracións públicas ou a través dos plans de formación continua, valoraranse por hora impartida a razón de:

- Cada hora en actividades formativas de asistencia presencial: 0,015 puntos.
- Cada hora en actividades de formación en liña: 0,010 puntos.

O mesmo curso impartido en máis dunha ocasión só computará unha vez, agás que transcorrese un período superior a cinco anos desde a súa impartición.

Os méritos deste apartado c) deberán acreditarse dentro do prazo que se determine, mediante a presentación dos diplomas ou certificados correspondentes, que expresarán claramente os contidos xerais e as horas de formación ou docencia, no seu caso.

d) Distincións e recompensas oficiais:

- Placa individual ao mérito da policía local: 2,00 puntos.
- Placa colectiva ao mérito da policía local: 1,5 puntos.
- Medalla ao mérito da policía local: 1,00 punto.
- Medalla ou cruz ao mérito policial doutros corpos: 0,75 puntos.
- Distinción do órgano colexiado competente do concello: 0,25 puntos.

A puntuación máxima neste apartado será de 2,00 puntos.

e) Idiomas:

O coñecemento doutro idioma distinto ao español e ao galego, acreditado por certificado de Escola Oficial de Idiomas, valorarase a razón de:

- Ciclos.
  - Certificado de superación do ciclo elemental: 1,00 puntos.
  - Certificado de superación do ciclo superior: 2,00 puntos.
- Niveis.
  - Certificado superación nivel básico: 0,65 puntos.
  - Certificado superación nivel intermedio: 1,30 puntos.
  - Certificado superación nivel avanzado: 2,00 puntos.

Só se terá en conta o ciclo ou nivel de máis valor dos que se acrediten.

f) Lingua galega:

- Celga 1: 0,25.
- Celga 2: 0,50.
- Celga 3: 0,75.
- Celga 4: 1,00.
- Curso de iniciación: 0,75.
- Curso de perfeccionamento: 1,00.
- Curso de linguaxe administrativa nivel medio: 1,50.
- Curso de linguaxe administrativa nivel superior: 2,00.

Só se terá en conta o título de máis nivel dos que se acrediten.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Os méritos deberán ser acreditados como sinalan estas bases no prazo de presentación de solicitudes e valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

A documentación que acredite os méritos presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>). Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

Os méritos por cursos de formación e especialización realizados acreditaranse mediante a presentación de copia do correspondente diploma ou título.

Non será necesario presentar a documentación acreditativa dos méritos cando esta figure nos expedientes do servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña.

## 7. CUALIFICACIÓN FINAL

A puntuación final de cada aspirante consistirá na suma das cualificacións dos méritos totais, sen limitación.

O tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública as persoas aspirantes propostas para a adxudicación das prazas convocadas, establecendo a listaxe de reserva por orde decrecente de puntuación en que figurarán aqueles/as aspirantes que, aínda que sexan admitidos ao proceso de provisión, non resulten propostos como adxudicatarios/as por obter unha puntuación de ordinal inferior á máxima dos/as aspirantes propostos/as.

En ningún caso poderá o tribunal, propoñer a adxudicación de postos a un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas por mobilidade. En todo caso, de conformidade co artigo 40 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, o persoal funcionario que participe simultaneamente neste proceso de mobilidade e noutro ou máis procesos de mobilidade horizontal está suxeito as seguintes obrigas:

1. Comunicar a cada concello afectado a súa participación en procesos idénticos noutros concellos, de xeito que se poida ter en conta esta circunstancia por cada concello, no suposto de resultar seleccionado, antes de ditar a proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal.

2. Comunicarlle por escrito ao concello en que non vaia tomar posesión, antes da proposta de resolución do proceso de mobilidade horizontal, a renuncia a ela.

De se producir empate nas puntuacións finais obtidas por dúas ou máis persoas aspirantes, aplicaranse os seguintes criterios de prelación ata se producir o desempate:

- Preferencia pola muller, mentres se manteña a infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos expresados polo artigo 153 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, segundo o cal o empate resolverase a favor da muller.
- Maior antigüidade na categoría e, de persistir o empate e resultar posible, na categoría inmediata inferior, e así de xeito sucesivo.
- Puntuación máis alta referida aos méritos no epígrafe de formación profesional.
- Primarase a posesión de titulación académica de máis nivel.
- No caso de persistir o empate, dirimirase por sorteo entre os/as aspirantes afectadas.

## 8. RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder á praza convocada, procederase á resolución do presente procedemento selectivo co nomeamento do/a aspirante proposto/a mediante resolución do órgano que ostenta a competencia en materia de persoal do Concello da Coruña, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

De conformidade co artigo 43.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, os destinos adxudicados son irrenunciabes, agás que con anterioridade ao remate do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública. Nese caso a persoa adxudicataria poderá optar e comunicar a opción elixida. Unha vez comunicada esta circunstancia ao concello convocante da praza a que renuncia, poderá tomar posesión da outra praza obtida en paralelo noutra convocatoria pública. O Tribunal, realizará neste suposto unha segunda e, de ser o caso, sucesivas propostas en favor da persoa candidata que obtivese a seguinte mellor cualificación no concurso. A previsión do número anterior sería aplicable tamén no caso de que a persoa candidata proposta non reúna os requisitos de participación, unha vez que sexan comprobados.

A persoa funcionaria seleccionada para unha praza no presente proceso de mobilidade cesará no seu Concello de orixe no prazo dos cinco días seguintes á publicación da resolución do concurso, e tomará posesión no Concello da Coruña no prazo dos dez días seguintes ao cesamento sen prexuízo da aplicación das restantes normas específicas que para esta situación establece o artigo 42 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, así como cantas outras resulten de aplicación con carácter xeral.

Nos supostos de incapacidade temporal, o cómputo de prazo para a toma de posesión iniciarase a partir da correspondente alta.

A Coruña, 1 de abril de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/2055